

Tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, convocado por Resolución Reitoral do 15 de xullo de 2021 (DOG do 29 de xullo).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela, en sesión celebrada o día 3 de xuño de 2022, en relación co segundo exercicio do proceso selectivo, que consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 90 preguntas tipo test, máis cinco de reserva, con catro respostas alternativas propostas polo Tribunal, das que só unha será a correcta, correspondentes ao programa que figura como Anexo II á convocatoria, ACORDOU O SEGUINTE:

PRIMEIRO: Este exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos. O Tribunal acordou fixar o número de respostas correctas para obter 15 puntos e superar o exercicio en **60 respostas correctas**.

SEGUNDO: As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas que estea en poder do Tribunal, non computan. As respostas incorrectas non computarán negativamente.

TERCEIRO: As preguntas de reserva, numeradas da 91 a 95, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre delas. No caso de anulación de máis dunha pregunta, para efectuar a substitución, estarase á orde que teñen as preguntas na opción de exame 001.

CUARTO: Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberá vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir)
- Tratándose dun proceso no que participarán un número relativamente elevado de persoas aspirantes e, tendo en conta a irregular evolución dos contaxios provocados pola COVID-19, o Tribunal **recomenda o uso da máscara** no espazo de realización das probas e durante a súa realización, a prol de promover a protección colectiva, especialmente daquelas persoas que pertencen aos colectivos definidos como de risco polo Ministerio de Sanidade. Esta recomendación faise consonte co disposto no punto 7 da Guía de actuación fronte á COVID-19 da USC con vixencia dende o 21 de abril de 2022 que fai referencia, entre outras, a aquelas actividades que se realizan en espazos pechados nos que as persoas transitan ou permanecen durante un tempo prolongado.
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de **lapis do número 2 e goma de borrar**.
- **Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo**

electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.

- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento, que se iniciará a partir das **9:30 horas**.

QUINTO: O Tribunal acorda informar que se publicarán no Taboleiro Electrónico e na Páxina web do Servizo de Planificación e Programación de PAS da Universidade a planificación detallada do acceso das persoas opositoras aos lugares de celebración da proba e as instrucións detalladas para o seu desenvolvemento, con antelación á data de celebración.

Lémbrese aos e ás aspirantes que o tempo máximo de duración do exercicio será de 120 minutos dende que o Tribunal indique o seu inicio, agás para aquelas que teñan concedida algunha adaptación que supoña ampliación do tempo establecido.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A presidenta do Tribunal
Carmen Martí Fernández

Taboleiro Electrónico da USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA DEL CARMEN MARTÍ FERNÁNDEZ, NIF ***4436**, 06/06/2022 11:35:49.

CSV: AF50-B006-4991-B427